

## **PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 15-01-2021, ditou a resolución con número 66/2021 que deseguido se transcribe:

### **RESOLUCIÓN**

#### **MODIFICACIÓNS DOS HORARIOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE E XESTIÓN MUNICIPAL E DA CARTA DE SERVIZOS DEPORTIVOS DE OFERTA DIRECTA DO CONCELLO DE CARBALLO MOTIVADAS POLAS RESTRICCIÓNS ACORDADAS POLA XUNTA DE GALICIA PARA O CONCELLO DE CARBALLO (DOG Nº7-BIS DO 13/01/2021)**

#### **Vistos os seguintes ANTECEDENTES:**

**Primeiro.-** A ORDE do 13 de xaneiro de 2021 pola que se modifica a Orde do 3 de decembro de 2020 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, modifica o número 6 do punto segundo da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, queda redactado como segue: «6. Serán de aplicación as medidas máis restritivas do anexo IV e, no que sexan compatibles con elas, as previstas no anexo III no ámbito territorial dos concellos que se relacionan a seguir. Así mesmo, no que sexa compatible cos dous anexos citados, serán de aplicación as medidas recollidas no anexo I: 6.1. Da provincia da Coruña: .... i) Carballo”.

Así, O Anexo IV da da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia establece, entre outras, as seguintes medidas:

- Peche temporal de Piscinas Recreativas de Uso Colectivo, excpetuando das mesmas limitacións, e podendo continuar abertos os Estadios deportivos, Pavillóns deportivos, Recintos deportivos, Ximnasios e Piscinas de Competición.

E no Anexo III da da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia establece, entre outras, as seguintes medidas que son compatibles en canto ós servizos deportivos cas anteditas relativas ó Anexo IV:

- Celebración de eventos deportivos, competicións deportivas con público... e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas. A celebración de eventos deportivos, competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos, circos de toldo e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderán desenvolverse con público sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m. nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas se se trata de actividades ao aire libre.
- Actividades e instalacións deportivas.  
A práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva ata un máximo de catro persoas sexan ou non conviventes, excluído, o monitor.  
Nas instalacións e centros deportivos poderase realizar actividade deportiva de forma individual, ou colectiva cun máximo de catro persoas, sexan ou non conviventes, excluído o

monitor, sen contacto físico, e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersonal durante o desenvolvemento da actividade.

No Anexo I da Orde do 3 de decembro de 2020, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia establece, entre outras, as seguintes medidas que son compatibles en canto ós servizos deportivos co establecido nos Anexos IV e III:

- 3.14.2. As piscinas ao aire libre ou cubertas, para uso deportivo ou recreativo, deberán respectar o límite do cincuenta por cento da súa capacidade, tanto no relativo ao acceso como durante a propia práctica deportiva ou recreativa, e sen que poidan exceder o límite de 100 persoas de ocupación.
- 3.20. Parques e zonas deportivas de uso público ao aire libre.  
Sen prexuízo do establecido no número 3.18.2, os parques infantís, parques biosaudables, zonas deportivas, pistas skate ou espazos de uso público ao aire libre similares poderán estar abertos ao público sempre que neles se respecte unha capacidade máxima estimada dunha persoa por cada catro metros cadrados de espazo computable de superficie do recinto.

**Segundo.-** O DECRETO 3/2021, do 13 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 202/2020, do 3 de decembro, do presidente da Xunta de Galicia, no seu apartado Primeiro. Cinco limita a mobilidade nocturna entre as 22:00 h. e as 6:00 h.

O Concello de Carballo pon a disposición da cidadanía e entidades deportivas equipamentos e instalacións deportivas diversos.

**Terceiro.-** Forman parte da carta de servizos deportivos de oferta directa do Concello de Carballo, diversas actividades físico-deportivas non federadas dirixidas a participantes de diferentes idades, sobre as cales o informe do Xefe do Servizo de Deportes e Xuventude, en data 14 de xaneiro de 2021 considera que se deben adoptar, entre outras, as seguintes medidas: "1.-Readaptar as actividades "Escola de natación 2020/21" e "Aquagym" mediante a creación de grupos de catro alumnos. 2.-Adaptar metodoloxicamente as actividades "Ximnasia de Mantemento" e "Natación Adultos" e transformalas en adestramento ou actividade deportiva individual con supervisión de monitor. As características da actividade serán as seguintes: Os usuarios e usuarias terán reservado un espazo específico preferente sobre os usuarios de acceso libre para executar a prescripción de exercicio. A actividade será individual. O monitor prescribirá exercicio individualizado adaptado ás características de cada participante, que se irá readaptando conforme os seus progresos. O monitor realizará correccións e indicacións de xeito individual para cada participante."

## **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Establecer o peche nocturno das instalacións deportivas municipais ás 21:45 horas.

**SEGUNDO.-** Readaptar as actividades "Escola de natación 2020/21" e "Aquagym" mediante a creación de grupos de catro alumnos.

**TERCEIRO.-** Adaptar metodoloxicamente as actividades "Ximnasia de Mantemento" e "Natación Adultos" e transformalas en adestramento ou actividade deportiva individual con supervisión de monitor.

As características da actividade serán as seguintes:

- Os usuarios e usuarias terán reservado un espazo específico preferente sobre os usuarios de acceso libre para executar a prescripción de exercicio.
- A actividade será individual.
- O monitor prescribirá exercicio individualizado adaptado ás características de cada participante, que se irá readaptando conforme os seus progresos.
- O monitor realizará correccións e indicacións de xeito individual para cada participante.

**CUARTO.-** Pechar o vaso recreativo sito na Piscina Municipal Vila de Noia.

---

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

José Villán Fuertes